



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

rf. A/S/C92-14

ANUNCIO

Asto.: Requerimento de subsanación de omisións advertidas pola Mesa de contratación na apertura do sobre A da proposición formulada por MARTA ISABELA MORA BOGADO no procedemento de contratación do servizo de "Atención psicolóxica para mulleres, adscrito ao CIM",

O Alcalde, mediante resolución núm. 113/2015 de 13.2.2015, a proposta da mesa de contratación do procedemento de referencia e, previa avocación da delegación, para este acto, efectuada en favor da Xunta de Goberno local mediante resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11), en materia de contratación administrativa, resolveu o seguinte:

Requerir a Marta Isabela Mora Bogado, DNI núm. 77677889N, para que aporte a declaración responsable esixida na cláusula X.2.1 dos PCAP, consonte ao modelo que figura no anexo II de ditos pregos, antes das 12 horas do vindeiro martes 17 de febreiro de 2015.

A declaración responsable deberá ser presentada no prazo indicado, no rexistro xeral do concello previa entrega de copia comprensiva da mesma no servizo de contratación do departamento de Secretaría coa advertencia de que, de non ter presentada a mesma do xeito e no prazo indiacdo ou de ter defectos e/ou omisiones, aínda que sexan subsanables, a súa proposición será rexeitada.

O que se publica en cumprimento do disposto na cláusula XI.3 dos PCAP
Bueu, 13 de febreiro de 2015

O Alcalde

Félix Juncal Novas